

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO, PARA A O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E ATENCIÓN ÁS SÚAS VÍTIMAS.

REUNIDAS

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, dona Rosario Otero Rodríguez, da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con NIF G36928646, que actúa en nome e representación da mesma en virtude da súa condición de Presidenta, de acordo co nomeamento outorgado na Asamblea Extraordinaria de Asociadas celebrada o día 15 de xuño de 2023, segundo o disposto no artigo 25 dos seus estatutos.

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e convir e,

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos



poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. O Decreto 139/2024, do 20 de maio, establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e sinala no seu artigo 29 as competencias que lle corresponden á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero entre as que figuran as de impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

IV. A violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos.

O artigo 7.2 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, establece que o departamento competente en materia de Igualdade establecerá axudas económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.

Así mesmo a Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, do 27 de xullo, establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir unha atención integral e coordinada dirixida ás mulleres que sofren violencia de



xénero.

V. Desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo". A Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída o 20 de novembro de 2003 e inscrita no Rexistro de Asociacións de Galicia co número 2003-006816-1 e está recoñecida e inscrita no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E1817.

Esta asociación fórmana un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero.

Os fins da Rede de mulleres veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo , como contemplan os seus estatutos, son entre outros: Traballar na prevención dos malos tratos, asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario, difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas e ser interlocutora coa administración no referente á problemática da violencia de xénero.

Pola súa experiencia, coñecemento e especialización das profesionais das que dispón, especificamente no campo da violencia de xénero, así como a dilatada experiencia que acredita no trato con vítimas desta violencia, a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo reúne as condicións, para o desenvolvemento dun Proxecto de prevención fronte á violencia de xénero e apoio ás súas vítimas, sendo a única asociación que polas súas características e capacidade pode desenvolver estas actividades en toda Galicia e que pode realizar este proxecto de asistencia e acompañamento integral, mediante o acompañamento social e a orientación e asesoramento legal a mulleres en procesos de violencia así como o desenvolvemento de proxectos que abranguen a súa reincorporación psicosocial desde a área psicolóxica, física e social.



VIII. Que a Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario o fomento deste proxecto que ven desenvolvendo a Asociación, a través da realización das accións recollidas na cláusula primeira.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, coma neste caso, no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas un acompañamento especializado a través de persoas con formación e coñecemento específico da violencia machista, de xeito gratuíto e voluntario.

Por todo o indicado, todas as partes acordan formalizar o presente Convenio que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e finalidade

O obxecto deste Convenio é instrumentar unha subvención en beneficio da Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, para a atención de mulleres inmersas en procesos de violencia de xénero, a través de cinco eixes de intervención: acompañamento social, concienciación e prevención, formación, recuperación psicosocial e reincorporación laboral.

Entre as actividades a realizar figuran:

- a) Acompañamento social en todos os trámites legais, xudiciais e policiais. Realizarase unha intervención social de información, orientación e asesoramento sobre os recursos e prestacións dirixidos a mulleres, e/ou, a realización de intervencións sociais en situacións de crise ou urxencia e a xestión de derivacións ás diferentes institucións específicas de violencia de xénero, nos casos que procedan.
- b) Orientación e asesoramento legal das usuarias sobre todas as cuestións relacionadas



coa rotura da situación de violencia de xénero e as súas consecuencias, informando dos dereitos que lle asisten ás mulleres nestes casos, e resolvendo as dúbidas de forma sinxela e inmediata. Asesoramento xurídico centrado en dereito penal e civil e acompañamento das mulleres ao xulgados, policía, centros de saúde, ou administracións públicas.

c) Concienciación e formación: Denunciar o tratamento que fai a prensa sobre os casos de violencia de xénero. Realización dun obradoiro práctico que abarcará os diferentes procesos na conformación da identidade das mulleres e a súa relación coa violencia de xénero.

Reincorporación psico-social, desde 3 actuacións: atención psicolóxica individualizada, intervención dende o traballo social e intervención con menores vítimas de violencia de xénero.

5. Servizo de reincorporación laboral: Acompañamento individualizado na busca de emprego cun deseño de itinerarios integrados individualizados de inserción laboral e impartición de obradoiros formativos para a inserción e intermediación laboral.

Segunda.- Financiamento

A previsión de orzamento de gastos para a realización das actividades que ten previsto desenvolver a entidade beneficiaria ascende á cantidade de 25.000 euros.

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade aboará a Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, a cantidade total de **25.000€ (vinte e cinco mil euros)** con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.0 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

O financiamento deste convenio enmárcase nos fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira.- Xustificación e Pagamento

1. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á



natureza das actividades subvencionadas.

2. A tipoloxía de gastos subvencionables correspóndese con gastos de persoal e subministracións e servizos.

3. A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 10 de decembro de 2025, e deberá presentarse na Dirección xeral de Loita contra a Violencia de Xénero con data límite do 12 de decembro de 2025.

4. A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, suscrita polo órgano competente da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas participantes/usuarias de cada unha delas, datas e lugares de realización, e dos resultados obtidos.
- Un **exemplar de todos os materiais que se elaborasen** ao abeiro das actividades a subvencionar a través do convenio, nos que deben figurar os logos da Consellería de Política Social e Igualdade e do Ministerio de Igualdade.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras cos seus Números de Identificación Fiscal, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.
- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha **declaración** asinada polo órgano competente da entidade beneficiaria indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.
- Os **gastos de persoal** xustificaranse mediante as **nóminas** xunto cos xustificantes



bancarios que acrediten o seu pagamento. Deberán achegar unha relación nominal dos traballadores/as que se inclúen na xustificación da realización das actividades a subvencionar a través deste convenio, que deberá indicar os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, e NIF da persoa traballadora, retribución líquida e bruta mensual de cada unha delas, data de pagamento das retribucións, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado. Ademais deberanse achegar a relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC).

5. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que leven consigo ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, no que se reflecta o importe da retención ou cotización acumulada na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso, a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Certificacións acreditativas** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.
- **Non** se admitirán os pagamentos en efectivo.

6. Á vista desta documentación a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, comprobará a realización das actividades e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado expedirá o certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.



7. Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula segunda deste convenio e, sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

8. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación das actividades a subvencionar obxecto do presente convenio.

CUARTA.- Pagamentos anticipados e pagamentos a conta

1. Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actividades previstas, atendendo aos límites máximos establecidos no artigo 63.1. Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que recolle que: *“Cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever a concesión de pagamentos anticipados de ata un 80% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever, ademais, pagamentos anticipados dun 10% adicional sobre o importe que exceda os 18.000 euros e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario”*. A porcentaxe de anticipo concedido é do 60,4%.

2. Poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula terceira, agás a memoria de actuación.

3. Segundo o sinalado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que, de selo caso, se concedesen, non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificadas.

4. De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en



relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, a entidade beneficiaria queda exonerada da constitución de garantía como beneficiaria dunha subvención con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

QUINTA.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio presentárase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregárase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén un sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin un modelo electrónico normalizado.

A entidade beneficiaria responsabilízase da veracidade dos documentos que presente. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

SEXTA.- Notificacións

As notificacións practícanse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realízanse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade beneficiaria.



Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

SÉTIMA.- Obrigas da entidade beneficiaria

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, adquire as seguintes obrigas, sen prexuízo das demais que resulten da normativa aplicable:

- a) Desenvolver as actividades recollidas nas cláusulas primeira deste convenio, e que constitúen o obxecto do proxecto a subvencionar, e xustificar a súa realización e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- b) Non percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste proxecto, e facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice, a colaboración financeira que presta a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e o Ministerio de Igualdade, utilizando correctamente a identificación destes organismos públicos.
- c) Presentar, antes da sinatura deste convenio, as certificacións acreditativas estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- d) A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da



Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda.

e) A cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

f) A subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Política Social e Igualdade das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

g) A comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

h) A reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

i) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

OITAVA.- Compatibilidade

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



NOVENA.- Duración

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, os gastos das accións englobadas nos proxectos a subvencionar a través do presente convenio que realizase a entidade Rede de Mulleres contra os malos Tratos de Vigo dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins das actividades a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto na cláusula segunda, o persoal, que no seu caso, precise para o seu desenvolvemento.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo que desenvolvan as actividades a subvencionar a través deste convenio, que constitúe o seu obxecto, e a Consellería de Política Social e Igualdade de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este órgano ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Modificación, revogación, reintegro e causas de extinción.

1. A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 novembro.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do de 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

3. De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola



Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

4. Ao abeiro do artigo 14.1,n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

5. En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar.

6. Serán causas de extinción deste Convenio:

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do convenio.
- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do convenio.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora acumulados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.



DÉCIMO SEGUNDA.- Información básica sobre protección de datos

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia–Consellería de Política Social e Igualdade, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.
3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.
4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e



subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade

1. O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

3. Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.



DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico do Convenio

1. Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

2. Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

3. As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa ou, se o acto no o fose, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Comisión Mixta de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta



comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actividades estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como as súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de de Loita contra a Violencia de Xénero e será designada pola persoa que asuma a Presidencia.

A actuación da Comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, asíñase o mesmo na data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN REDE DE
MULLERES CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO

Fabiola García Martínez

Rosario Otero Rodríguez

